



Prezada comunidade:

As actividades de **divulgación** científica cobran cada vez máis relevancia como parte da actividade transferencia do persoal investigador de todos os ámbitos e, como non, tamén no eido das Ciencias Sociais. A participación en eventos e foros de encontro coa sociedade, as actividades na rúa, en ferias e xornadas coa mocidade, ou mesmo a contribución mediante artigos en medios de comunicación, conforman unha ferramenta valiosa para **conectar o labor investigador coa** necesidade de coñecemento da **cidadanía**. Moitos parabéns por toda a contribución, que agardamos continúe crescendo.

Á nosa prezada #comunidadeECOBAS: animámosvos igualmente a contribuir, a través da vosa participación e activismo, facendo uso destes recursos e achegándovos dende todos os ángulos para, entre todos, seguir construíndo unha mellor sociedade.

>>> A CUESTIÓN ENERXÉTICA EN GALICIA: ENTRE ECONOMÍA, TERRITORIO E SOCIEDADE



Diversos expertos reflexionarán e debatirán nestas xornadas sobre os impactos económicos, sociais, patrimoniais e ambientais que ten o modelo de transición enerxética que se está apuntalando na nosa Comunidade Autónoma.

O director adxunto de ECOBAS, **Xavier Labandeira**, pronunciará a conferencia “Políticas de transición enerxética: aproximación económica”, o mércores 5 de xuño ás 12:00 horas. Pola tarde, ás 16.30 h, a directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, modera a mesa “O modelo enerxético en Galicia I: os seus aspectos socioeconómicos”.



Normada
A cuestión enerxética en Galicia: entre economía, territorio e sociedade

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
5 e 6 de xuño de 2024



- Organiza: Consello da Cultura Galega (CCG)
- Lugar: Sede do CCG. Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro, s/n. Santiago de Compostela).
- Entrada libre ata completar aforo
- [Descargar programa](#)
- [Inscripción gratuita aquí](#)

AXENDA




>>> CULLERCIENCIA 2024

SÁBADO
08/06

O Club de Ciencia do CEIP Plurilingüe Ría do Burgo organiza a VI edición desta feira científica que se desenvolve no Concello de Culleredo e na que participan centros educativos de toda Galicia e do resto de España.

ECOBAS estará alí cunha ampla delegación de persoal investigador, entre eles, os nosos investigadores principais **Manuel A. Gómez** e **Estefanía Mourelle**, así como persoal predoc e posdoc como Brais Pociña, Noelia Salido e Vanesa Mato.

Un xogo de cartas para introducir aos visitantes na teoría de xogos, canto custa a túa camiseta?, un puzzle climático sobre a redución da pegada de carbono ou un xogo sobre a xestión dos bens comunais serverán para achegar a rapazada ao traballo que realizamos no eido da investigación en Ciencias Sociais.



>>> ECOBAS TRAINING: CULTURA E ESTRATEXIA RELACIONAL

MÉRCORES
12/06
9:15 A 17:30

No marco de ECOBAS TRAINING, eixo de actuación establecido no Plan Estratéxico para a formación continua do persoal investigador do noso Centro, esta xuntanza porá o énfase na responsabilidade relacional que todas as persoas compartimos dentro da Organización, como produtoras de coñecemento, referentes e tamén, transmisoras de información.



Para dirixir e impartir esta sesión, contaremos **Esther Trujillo**, responsable de IRIS - **Instituto Relacional** International Services, unha das maiores expertas nacionais na materia.

* REUNIÓN DE MEMBROS ECOBAS *

Finalizada a sesión formativa e despois do xantar, o mesmo día 12 de xuño celebraremos a **reunión interna** informativa sobre a nova etapa que afrontamos neste **periodo 2024-2027 como Centro Colaborativo CIGUS**.

PREME AQUÍ
PARA
CONFIRMAR
ASISTENCIA

- **ACTIVIDADE PRESENCIAL**
- **EXCLUSIVA para MEMBROS ECOBAS e persoal PREDOC E POSDOC vinculado**
- Lugar: Santiago de Compostela.
- Imprescindible confirmar asistencia antes do venres 7/06/24 ás 14.00 horas.
- A organización facilitará o transporte ou cubrirá os custos de desprazamento

>>> DEFENSA DE TESE: OCTAVIO CÓRDOVA ARÉVALO

LUNS
17/06
12:00 H



“Avaliación económica aplicada á análise de tecnoloxía e produción en hospitais”

- Horario: 12:00 h (CET)
- Actividade presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo. Salón de Graos.

AXENDA



>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON GHASEM ZAEFARIAN, UNIVERSITY OF LEEDS

MARTES
18/06
12:00 H

“UNPACKING WHEN AND HOW CUSTOMER INVOLVEMENT AFFECTS SUPPLIER NEW PRODUCT PERFORMANCE”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Aula 156.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.

Imprescindible formalizar REXISTRO PREVIO AQUÍ



>>> 10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS



ECOBAS é unha das entidades colaboradoras da décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for Energy co apoio de EAERE, o grupo REDE e a Universidade de Vigo.

No transcurso das xornadas, dende a nosa canle de YouTube ofrecemos a retransmisión en streaming das keynote sessions desta reunión científica dos principais expertos mundiais en economía enerxética:

XOVES
20/06
14:30 H



Mirabelle Muûls (Imperial College):
“The Role of Public Investment in Building Up an Electric Vehicle Charging Grid”

VENRES
21/06
10:30 H



Robert D. Metcalfe (U. Southern California):
“A welfare analysis of policies impacting climate change”



Retransmisións en directo a través da canle de ECOBAS en YouTube

>>> ECOBAS SUMMER SCHOOL: “RIDING THE DID REVOLUTION” SAVE THE DATE!!!

16 e 17
XULLO

O deseño deste curso intensivo que propoñemos para profundizar na ferramenta coñecida como “Difference-in-Differences” (DiD) se asenta en tres piares: comprensión conceptual, avaliación crítica e aplicación práctica. Ao final do curso, o alumnado acadará un sólido coñecemento do deseño de investigación DiD e poderá aplicalo aos seus propios proxectos de investigación. Moi pronto, todos os detalles!!



ACTUALIDADE
ECOBAS



>>> **“GALICIA NECESITA OUTRO TIPO DE POLÍTICA ECONÓMICA”**



galicia confidencial

No diario dixital GALICIA CONFIDENCIAL, **Xosé Antón Rodríguez**, catedrático de economía na Facultade de Económicas e Empresariais da USC e investigador principal de ECOBAS, analiza neste artigo a política económica de Galicia e aporta posibles suxerencias para melloralala.

>>> **“SUPERAR O MINIFUNDISMO LOCAL PARA PRESTAR MELLORES SERVIZOS”**



No xornal LA VOZ DE GALICIA, **Alberto Vaquero**, profesor na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da UVIGO e investigador principal de ECOBAS, plantexa as dificultades das administracións locais en Galicia para garantir a cobertura dos servizos públicos e o benestar da cidadanía.

>>> **“ESTRATEGIA E INNOVACIÓN, CLAVES NO DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA CONSERVEIRA GALEGA”**



THE CONVERSATION

No portal de divulgación científica THE CONVERSATION, a investigadora de ECOBAS **Raquel Fernández González** asina xunto co profesor da UDC Félix Puime Guillén este artigo sobre a evolución da industria conserveira galega de produtos do mar e os seus retos a futuro.

>>>> **INCORPORACIÓN DE CRISTINA ILIE - AXUDA FPI 2023 DE PROXECTOS DE XERACIÓN DO COÑECEMENTO**



Graduada en CC. Económicas (2009) e Graduada en Linguas Modernas Aplicadas (2010) pola Universidad “Babes-Bolyai” Cluj-Napoca (Rumanía), **Vasílica Cristina Ilie** vén de incorporarse ao equipo de Ernesto López Valeiras como investigadora predoutoral trala concesión da axuda FPI 2023 correspondente á convocatoria de “Proxectos de Xeración do Coñecemento 2022”.

Co seu proxecto de investigación, “Contabilidade e control de xestión en pequenas empresas e start ups: implicacións nun contexto de alta incertidume”, Cristina buscará ofrecer recomendacións prácticas para a mellora das prácticas de xestión financeira e operativa e polo tanto, contribuir coa súa aportación á sustentabilidade e ao crecemento deste segmento empresarial.

Cristina posúe ampla experiencia no sector privado, onde desempeñou funcións directivas como directora delegada da sucursal rumana de Espina Obras Hidráulicas S.A., tras unha primeira etapa nunha pequena empresa na que se ocupou de funcións técnicas en operacións de sistemas ERP, entre outras responsabilidades. Desexámoslle moitos éxitos nesta nova estadía do seu desenvolvemento profesional e académico como investigadora. Bemvida e moitos parabéns!!

OPORTUNIDADES



>>> XORNADA “OPORTUNIDADES EN PROXECTOS INTERNACIONAIS PARA AS ÁREAS DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS



XOVES
06/06
13:00 H

- Organiza: OTRI en colaboración con Campus Innova e a Facultade de Filoloxía da UDC
- Detinatarios: comunidade investigadora das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, así como de aquelas disciplinas transversais ás mesmas
- Lugar: A Coruña. Facultade de Filoloxía da UDC (Salón de Graos).
- Horario: de 11:00 h a 13:30 h (CET)
- Inscripción: vía email a ciencia.excelente.otri@udc.gal
- A xornada será retransmitida en streaming
- Preme aquí para máis información

>>> RECURSOS PARA A BÚSQUEDA DE OPORTUNIDADES DE TRANSFERENCIA

- [Plataforma-buscador CONTRATOS PÚBLICOS DE GALICIA](#)
- [Plataforma de CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO - Gobierno de España](#)
- [TED - website for business opportunities with #PublicProcurement in the EU](#)

>>> XORNADA: AXUDAS E ACTUACIÓNS DO CDTI E GAIN EN 2024



XOVES
20/06
11:30 H

A Axencia Galega de Innovación organiza en colaboración co CDTI unha xornada de presentación das liñas de axuda e actuacións de apoio do organismo estatal á I+D+i.

- Lugar: sede da Axencia Galega de Innovación. Rúa Airas Nunes, s/n. Santiago de Compostela.
- Horario: de 11:30 h a 13:15 h (CET)
- [Ligazón ao formulario de inscrición](#)
- [Preme aquí para máis información](#)



>>> SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROMOCIÓN E IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EN ESPAÑA

- Entidade convocante: Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
- Publicado en: Boletín Oficial do Estado
- Prazo: **07/06/2024** (*consultar prazos e procedementos internos nas universidades do SUG)
- [Ligazón á Orde da convocatoria](#)



»» **THE MSCA DOCTORAL NETWORKS 2024 CALL IS OPEN** 



Next Postdoctoral Fellowships 2024 call: 6 steps to prepare your application

- 160 excellent doctoral programmes
- Skills & careers of 2400 PhD candidates
- Apply by 27/11

»» **ISPGAYA INTERNATIONAL CONGRESS 2024 - BUSINESS SUSTAINABILITY: INNOVATION IN ENTREPRENEURSHIP AND INTERNATIONALISATION**

O investigador de ECOBAS **Miguel G. Loureiro** forma parte do comité científico da terceira edición deste Congreso, que terá lugar en Vilanova de Gaia os días 24 e 25 de outubro de 2024.



- Call for papers: ata o 31 de maio 2024
- [Web oficial do congreso](#)

»» **INTERNATIONAL BUSINESS IN A DIGITAL WORLD: CHALLENGES AND OPPORTUNITIES**



A Universidade de Évora organiza a **19th Iberian International Business Conference** os días 11 e 12 de outubro de 2024. Intelixencia artificial, ciberseguridade e a soberanía dos datos serán os eixos temáticos fundamentais deste congreso sobre transformación e oportunidades na internacionalización dos negocios.

- Call for papers: ata o 15 de xullo 2024
- [Máis información na web do congreso](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> GCIENCIA: PREMIOS GALICIA SPIN-OFF



O portal GCiencia convoca a oitava edición dos Premios Galicia Spin-Off, galardóns que se conceden ás iniciativas empresariais máis innovadoras xurdidas dende calquera das tres universidades do SUG.

O certame establece tres categorías: "Selo de calidade", "Idea emerxente" e "Grupos de Investigación" As empresas e grupos de investigación interesados en participar nas categorías Idea Emerxente e Grupo de Investigación poderán enviar a súa candidatura ata o 31 de xullo á dirección de correo electrónico spinoffgalicia@gmail.com

- Máis información e ligazón ás bases do premio na páxina web de GCiencia

>>> PREMIO VANGARDA DA CIENCIA 2024

Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.



- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h.**

- [Ligazón ás bases](#)



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

